

FOLLAS NOVAS 6

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2021

Margarita Viso Soto

“Rosalía abríu a fiestra”

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

“Rosalía abriu a fiestra”

Margarita Viso Soto

O autor do poema: o gaitero de Soutelo.

Avelino Cachafeiro Bugallo (Soutelo de Montes 26-V-1899; 13-IV-1972) era o director do grupo de lenda “Os gaiteros de Soutelo” formado por membros da mesma familia. Gaitero da Sociedade Artística de Pontevedra, en xullo de 1924 gaña o certame celebrado en Compostela para elixir ó mellor gaitero de Galicia. Chegan a gravar seis discos no 1928 en Ourense. Ademais de tocar por toda Galicia, en 1930 realizan unha exitosísima xira por importantes cidades arxentinas como Buenos Aires, Rosario e Córdoba e mais Montevideo levando decorados de Castelao e Camilo Díaz Baliño para as funcións. Estando en Barcelona en 1936 coñecen que estalara a guerra e a agrupación Cultural Obrera de Madrid trasládaos a esta capital para animar a xente. Conseguido pasaporte para ir aos Xogos Olímpicos de Berlín, non pasan de París xa que a parella de baile que os acompañaba non puidera saír de Madrid. Despois dunha azarosa

viaxe de regreso por Portugal, chegan de volta a Soutelo. A partir desta data o grupo vaise disolvendo e a gaita de Avelino enmudece.

No longo silencio musical ata a súa morte, o mellor gaiteiro de Galicia dedicouse a actividades máis prosaicas coma montar un surtidor de gasolina, unha sala de baile, un cine ou unha funeraria. Pero o artista tamén pintaba e escribía poemas. Os poemas foron publicados en 1969 no libro *Voando cas aas da vida*, que levaba unha fermosa portada de Urbano Lugrís e prólogo de Ramón Otero Pedrayo.

O poema

Rosalía abriu a fiestra,
bícana os raios do sol:
mira mulleres con feixes
de xuncos cara ó Padrón.
Elas habían ser de Laiño,
aló o bon xunco se cría
no amor da froeira braña
na lameiriña esquencida.
Rosalía delorida
i amantiña matinaba:
“¡Quen fora como isas mozas
ledas como a frol da ialba!
E choendo as suas vidreiras
o sol e á lua se pechaba...
e nunca máis ¡miña rula!
a doce veiga enxergaba.
Ficou a fala chorosa
que ela, como filla amou.
Erguéndoa a raiña das falas
onde ouvera un curazón...
¡Campanas de Bastabales,

despertaí diante do día,
e voade a bicar os vidros
da Casa de Rosalía!

O autor da canción: Xoán Antón Vázquez Casas

Xoán Antón Vázquez Casas, naceu en Ourense en 1964, aínda que ten as súas raíces en Sobrado do Bispo (Barbadás). No Seminario Menor de Ourense, onde ingresou no ano 1975, contou coa docencia no piano de D. Ánxel Losada Nine, á parte das clases de música normais regulamentadas no ensino oficial. No Seminario Maior contou coa axuda, orientación e referencia de D. Xosé Ramón Estévez Gómez. Ó abandonar os estudos eclesiásticos dedícase por enteiro á música estudando nos conservatorios de Ourense, Barcelona, Santiago de Compostela, Vigo e Madrid, ademais de profesores privados, coma o compositor sevillano D. José María Benavente. No ano 1993 volve á súa terra dende Barcelona (de onde garda un recordo imborrable do gran compositor Carles Guinovart e a súa dona) e emprende a súa carreira docente no Conservatorio de Ribadavia. No ano 1997 entra como docente de Composición no conservatorio de Ourense, onde estará ininterrompidamente, salvo no curso 1998- 1999, no que impartirá clases no conservatorio de Vigo. No ano 2006 aproba as oposicións de Composición cun tribunal presidido polo gran compositor galego Juan Durán. Non se pode esquecer da súa

etapa de músico de orquestra de baile, coa Orquesta Melodía de Ribadavia, no ano 1985 e seguintes, xusto ó saír do Seminario, e logo tamén en Barcelona coa Orquesta Discorama. Paralelamente vén exercendo tamén de director coral, practicamente dende que saíu do Seminario, no ano 1985. Actualmente é director da coral Rondalla Alecrín dende o ano 2001. Foi director da Coral De Ruada dende o ano 2009 ó 2021. Paralelamente a estas actividades desenvolve o seu labor compositivo na Asociación Galega de Compositores (dende o ano 2002), á parte da composición para os seus grupos corais-instrumentais e para os alumnos do Conservatorio de Ourense.

A xénese da canción sobre deste poema

Esta obra xurdiu froito da coñecida inquedaanza do benquerido Xulio Mosquera pola figura da Matriarca das nosas Letras: Rosalía de Castro. O sacerdote que fora grande activista musical e arquivista da Federación Coral Galega era un grande experto e recopilador de música escrita sobre versos de Rosalía así como de poemas de diversos escritores feitos na súa honra. E foi precisamente Xulio quen me propuxo musicar este poema do egrexio Gaiteiro de Soutelo de Montes: Avelino Cachafeiro. Xa dende o primeiro momento me cativou a imaxe de Rosalía que Avelino pretendía amosar: Unha Rosalía na etapa final

da súa vida, triste e dorida pola súa enfermidade e outros sucesos, que olla dende a ventá, cunha certa melancolía, as mozas, presumiblemente de Laiño, con feixes de xuncos para vender en Padrón. De aí o ton xeral da obra, en modo menor, aínda que con incursións a tons máis ou menos veciños, maiores. A estrutura xeral da obra achégase a forma Rondó: un Retrouso (non declarado) que se vai alternando con distintas coplas tamén entendidas dun xeito xenérico.

Estrea

Esta canción foi estreada o 28 de decembro de 2011 no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música da Coruña, dentro do Ciclo de Canción Galega de Concerto da Asociación Galega de Compositores. Foron os seus intérpretes o tenor Ramón Farto e mais a pianista Vanesa Salgado.

Nas páxinas seguintes partitura de "Rosalía abriu a fiestra" e, a continuación, unha versión para soprano.

A Xulio Mosquera,
con agarimo. In memoriam.

Rosalía abriu a fiestra

Canto e Piano

Letra: A. Cachafeiro
Música: X. A. Vázquez Casas
2011
Rev. 2021

Moderato $\text{♩} = 82$

Tenor / Soprano

Piano

Ro - sa - lí - -

7

a a - briu a fies - - - tra, bi - ca - na os

12

ra - ios do sol: mi - ra mu - lle - res con fei - - - xes de xun -

18

rit. **f** *a tempo* *rit.*

cos ca - ra ó Pa - drón.

mf *cresc.*

2

Rosalía abrió a fiesta

a tempo $\text{♩} = \text{♩}$ *mf* *p*

24 E - las ha - bí - an ser de La - i - ño, a -

29 li bon xun - co se cri - a no a - mor da fro - ci - ra bra - ña na la - mei -

34 *rit.* *a tempo* $\text{♩} = \text{♩}$
ri - ña es quen - ci - da.

39 *pp* *mf*
Ro - sa - lí - - - a de - lo - - -

The musical score is presented in a standard format with a vocal line and a piano accompaniment. The key signature is three sharps (F#, C#, G#) and the time signature is 6/8. The score is divided into four systems, each with a vocal line and a piano accompaniment. The piano accompaniment features complex rhythmic patterns with many triplets and fingerings indicated by numbers 1-5. Dynamics include *mf*, *p*, *rit.*, and *pp*. The tempo is marked *a tempo* with a note equal to a note. The lyrics are in Spanish and are placed below the vocal line.

Rosalía abrió a fiesta

3

45

ri - - - da i a - man - ti - ña ma - ti -

rit.

50

na - ba: ¡Quen fo - ra co - mo i - sas mo - za, le - das co -

a tempo *mf* *f*

55

mo a frol da ial - ba!'' E cho - en - do as suas - vi -

p *rit.*

61

driei - ras o sol e á chu - via se pe - cha - ba...

mf

4

Rosalia abrió a fiesta

69 *f* *p*

e nun-ca máis ¡mi-ña ru - la! a do-ce vei - ga en-xer - ga - ba.

76 *p*

Fi - cou a fa - la cho -

84 *pp* *rit.* *a tempo*

ro - - - sa que e - la, co - mo fi-lla a - mou.

90 *mf* *p*

Er-guén - do-a a ra - í - ña das fa - las on-de ou ve - ra un cu-ra -

Rosalía abríu a fiestra

5

96 *mf* *rit.* $\text{♩} = 82$

zón, on-de_ou-ve-ra un cu - ra-zón.

102 *mf*

¡Cam - pa - nas de Bas - ta - ba - - -

110 *p* *mf*

les, des - per - tai dian - te do dí - - - a, e vo - a - de a bi -

116 *f* *rit.*

car os vi - dros da ca - sa de Ro - sa - lí - a

A Xulio Mosquera,
con agrimo. In memoriam.

Rosalía abriu a fiestra

Canto e Piano

Letra: A. Cachafeiro
Música: X. A. Vázquez Casas
2011
Rev. 2021

Moderato $\text{♩} = 82$

Ro - sa - lí - a a - briu a fies - tra,

bí - ca - na - os ra - ios do sol: mi - ra mu - lle - res con fei - xes de xun -

cos ca - ra ó Pa - drón. E - las ha - bí - an ser de

La - í - ño, a - lí borxun - cose crí - a no a - mor da fro - ci - ra bra - ña

na la - mei - ri - ña es quen - ci - da. Ro - sa - lí -

a de - lo - ri - da i a - man - ti - ña ma - ti - na - ba:

"¡Quen fo - ra co - mo i - sas mo - za, le - das co - mo a fro - l da ial - ba!"

2

Rosalia abriu a fiestra

- Canto -

57 *p*

E cho - en - do_as suas - vi - driei-ras o sol_e_á

64 *mf* *f*

chu - via se pe - cha - ba... e nun-ca máis ¡mi-ña ru - la!

72 *p* 4 *p*

a do-ce vei-ga_en-xer - ga - ba. Fi - cou a fa - la

83 *pp* *rit.* *a tempo* *mf*

cho - ro - sa que_e-la, co - mo fi-lla_a-mou. Er-guén-do-a

91 *p*

a ra - í - ña das fa - las on-de ou ve - ra un cu-ra - zón,

98 *mf* *rit.* 82 4 *mf*

on-de_ou-ve-ra un cu - ra-zón. ¡Cam - pa - nas de

108 *p* *mf*

Bas - ta - ba - les, des - per-tai dian-te do dí - a, e vo-a-de a bi-

116 *f* *rit.*

car os vi-dros da ca - sa de Ro - sa - lí - a

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Boiro



CONCELLO
DE
BOIRO



CASA DE ROSALÍA

CINCUENTA ANIVERSARIO 50

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO